



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE

MARZO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e seis de marzo de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa dona Rocio Vila Díaz.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 19 de marzo de 2012.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 19 de marzo de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia.

- Escrito do Consorcio das Mariñas, rexistrado de entrada con data do día 19 de marzo de 2012 co número 3.703, no que comunica que o Pleno do Consorcio aprobou con data do día 31 de xaneiro de 2012 o seu orzamento para o ano 2012. No citado acordo plenario acordouse o calendario de pagos no cal figura o Concello de Cambre do seguinte xeito:

- Cambre: 162.703,40 euros. Primeiro trimestre: 32.540,68 euros; segundo trimestre: 32.540,68 euros; terceiro trimestre: 32.540,68 euros e cuarto trimestre: 32.540,68 euros.

Así mesmo, solicita a entrega das cantidades acordadas nos prazos convidados.

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que están a tramitar as subvencións de cooperación. Entregouse a relación de postos definidos e estase a tramitar.

A continuación, informa que esta semana se convocarán os cursos adicionais do Plan de formación municipal, que serán dous de novas tecnoloxías, orientados á creación de empresas e comezarán a partir da segunda quincena do mes de abril.

Para rematar, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que continúa coas visitas ás empresas. O pasado luns deu unha pequena explicación do que fora vendo. Hoxe presenta un informe que é practicamente igual ao que dixo a semana pasada. Para a vindeira semana, presentará outro informe.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que este fin de semana tivo lugar a final do campionato comarcal de xadrez coa participación de oitenta rapaces. Tiveron máis participantes nesta fase que na da Coruña.

A seguir, tamén informa que tivo lugar o sábado a final do campionato provincial de judo, con nove nenos clasificados para o campionato galego que terá lugar en Arteixo.

O sábado, día 31 de marzo, presentarase o Club Ciclista Cambre aquí en Cambre, e o día 30 de marzo terá lugar a presentación da peña ciclista "Monte Xalo". É unha escisión do Club Ciclista de Cambre.

A continuación, informa que realizou xestións coa Federación Española de Fútbol co fin de traer ao concello a copa do mundo durante un día e probablemente terá lugar o vindeiro mes. Exporase no salón de plenos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A seguir, tamén informa que o Concello de Cambre está a realizar a actividade de patinaxe e a van a ceder ao club de patinaxe Alquimia, dado que a Carral ía moita xente de Cambre e parece un absurdo que houbera dúas medias partes. Así, deste xeito, o club de patinaxe Alquimia dará clases en Cambre e, continúa a dicir, para o usuario é igual.

Tamén informa sobre o programa para o plan de autodefensa da muller que se levará a cabo no concello.

Para rematar, don Fernando Caride Suárez informa que o pasado martes tivo unha reunión cos concelleiros da policía local da área metropolitana e coa empresa Satdata, a cal ten os medios radioelétricos da policía, para estudar se se implanta un sistema canle de emerxencias que intercomunique a todos os policías. Tería un ano gratuíto e despois o custo sería asumido pola excma. Deputación provincial da Coruña. Engade que se comunicou á empresa que mentres non pechen uns números de custo para a excma. Deputación provincial, tanto o Concello de Cambre como o de Arteixo se absterán de asinar calquera tipo de convenio de colaboración.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que se solucionou o tema da avaría do saneamento da Barcala. Houbo varias zonas onde se atascou. Nun monte houbo que rozar para acceder á canalización. Encontrouse que nun dos pozos pegados ao paseo fluvial estaba atascada a canalización con pedras de gran tamaño, de 70 ou 80 kilogramos, as cales non son arrastradas pola corrente. O tubo está ben, pero cre que cando se fixo o paseo fluvial seguramente taparon con pedras grandes o tubo que viña de Cambre e aí quedaron. Quitaron as pedras e alí están para velo.

A seguir, engade que hai un problema en bastantes zonas onde discorre este colector xeral que vai por terreos privados. Cre que para evitar este tipo de problemas haberá que planificar a roza por encima de onde están os tubos, ao igual que fai Fenosa por onde van os seus tendidos, para calquera tipo de eventualidade. Cre que se deberá rozar unha vez ao ano.

En resumo, amañouse, pero como hai pouca pendente, volverase a producir a avaría con certa frecuencia.

A continuación, informa en canto ás obras da rúa Pígara que hai un compromiso de que se asfalte esta semana.

Para rematar, don Manuel Marante Gómez informa que pediu á empresa Orto un informe sobre as árbores que hai no polígono do Espírito Santo, fai referencia aos problemas das árbores que están plantadas e dan alternativas. Fan unha proposta de árbores frutais, ornamentais, etc.

A continuación, o señor alcalde informa que se realizará unha copia para entregar aos voceiros e despois é mellor presentalo ao pleno.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o sábado día 24 tivo lugar o concerto de alumnos de Sementeira no local da Xuventude de Cecebre, con gran éxito de público.

A continuación, informa que se están a crear unhas aulas de informática cos ordenadores que están desfasados. Crearanse na asociación de veciños de Lema e outra en Sigrás, coa condición de que abran unha vez á semana o local, a fin de que fagan uso deles.

A seguir, tamén informa que falou coa familia de Susana Seivane co obxecto de facer unha romaría folk, dedicada ao seu avó José Seivane. As dúas datas que se estudan son o día 26 de maio ou o 2 de xuño.

Informa, así mesmo, que se convoca o décimo noveno certame literario de poesía e narración breve de Cambre. Engade que consiste na creación literaria dos alumnos dos institutos e se redactará en galego.

A seguir, manifesta que para finais do mes de maio terá lugar un concurso de postres, o cal terá carácter xeral. O primeiro premio consistirá en 100 euros e unha figura da igrexa románica de Cambre. A decisión do xurado e entrega de premios será na Barcala, aproximadamente, o día 9 de xuño. Engade que como membros do xurado participarán o xefe de comedor do restaurante da Estación e un membro da empresa Portomuiños.

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que se mercaron tres estufas: dúas para a asociación de amas de casa de Anceis e unha para a asociación de veciños da Barcala.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Dona Maria Jesús González Roel informa que está a traballar na nova ordenanza de servizos sociais.

A continuación, informa que a partir do mes de abril o programa de hipoterapia o levará directamente a asociación. Incluirase no convenio o importe que tiña o concello. Isto faise así dado que houbo problemas xa que quedou deserto o concurso que se tramitou no seu momento.

Informes da alcaldía

O señor alcalde informa que o sábado día 24 tivo lugar o cuarto foro de participación cidadá con grande éxito de público.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria



María Luisa de la Red Ampudia

C.I.F. P-1501700-G